



PROGRAMA I – INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN [TR342C]

Apoio dual ás empresas: Bono Incentivo + Bono Formación



Persoas beneficiarias

Persoas empregadoras ou empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, entidades sen ánimo de lucro, empresas de inserción laboral e centros especiais de emprego que **contraten persoas traballadoras** para centros de traballo radicados en Galicia.

Orzamento: 12.950.000 €

Aberto o prazo ata o **30 de setembro**



Colectivos a contratar

- Persoas mozas.
- Mulleres.
- Persoas paradas de longa duración.
- Persoas con discapacidade.
- Persoas en risco de exclusión.

Contratos subvencionables^(*)

- Contratación indefinida inicial.
- Contratación temporal.
- Conversión de temporal a indefinido.
- Aumento de xornada en indefinido inicial.
- Realizados entre o 1/10/21 e o 30/09/22

* Exclúense os contratos para a formación e aprendizaxe



Requisitos da contratación

Para todos os colectivos a contratar

- **Contratación indefinida inicial:** a tempo completo (excepto persoas con discapacidade ou en risco de exclusión, que poderá ser a tempo parcial).
- **Contratación temporal:** mínimo 12 meses a tempo completo (excepto persoas con discapacidade ou en risco de exclusión, cun mínimo de 3 meses e/ou xornada parcial).

Para persoas con discapacidade, persoas mozas e mulleres, ademais

- **Conversión a indefinido:** o contrato temporal debe estar **vixente** con anterioridade á entrada en vigor desta axuda e cumprir os demais requisitos establecidos (incluíndo tamén a transformación de contratos formativos).



Prazo para solicitar a axuda

Desde o **29 de xaneiro** ata o **30 de setembro de 2022**.



PROGRAMA I – INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN [TR342C]

Apoio dual ás empresas: Bono Incentivo + Bono Formación



Contía dos incentivos á contratación

Contratación Indefinida inicial ou temporal

	Indefinida inicial	Temporal
Persoa desempregada menor de 30 anos	6.000 €	3.000 €
Persoa parada de longa duración	10.000 €	5.000 €
Muller desempregada	12.000 €	6.000 €
Con discapacidade ou risco de exclusión	16.000 €**	8.000 €**

+ **Acumulables 25%**

Concello rural
Maior 45 anos
Retornada
Persoa trans
Muller profesión subrepresentada



As contías por contratación indefinida ou temporal de persoas con discapacidade **incrementaranse en 1.000 euros** pola adaptación do posto de traballo, pola dotación de equipamentos de protección persoal ou pola eliminación de barreiras.

Conversión contrato temporal en indefinido

Persoa menor de 30 anos
Muller

2.000 €

Con discapacidade ou risco de exclusión

3.000 €***

Incremento da xornada de traballo

Por **incrementar ata o 100% da xornada laboral** dun contrato indefinido inicial con persoas menores de 30 anos, mulleres ou persoas con discapacidade ou en risco de exclusión

2.000 €

Acceso á ficha da sede electrónica



- Pulsa para acceder -

VR 0710212022

** Nos contratos a tempo parcial, o incentivo será proporcional ao tempo efectivo de traballo

*** O incentivo será proporcional ao tempo efectivo de traballo, en función da xornada a tempo completo



Incentivos á formación nestes supostos

Para contrato indefinido inicial

4.000 € / persoa

Para contrato temporal

2.000 € / persoa

Requisitos

- A empresa a **ten que solicitar** expresamente.
- A formación a reciba a **mesma persoa** pola que se percibe a axuda.
- Teña unha **duración mínima de 70 horas** (50 horas nos temporais).
- Se celebre **nos 3 primeiros meses do contrato**.
- A formación **non supoña un cumprimento das obrigas legais**.



Obrigas das entidades beneficiarias

- Nas **contratacións indefinidas iniciais e nas transformacións en indefinidos**, manter no cadro de persoal á persoa pola que se recibe o incentivo **durante un mínimo de 18 meses**.
- Nas **contratacións temporais**, manter no cadro de persoal á persoa pola que se recibe o incentivo **durante un mínimo dun ano ou o correspondente á duración do contrato**.
- Nos **incentivos por incremento de xornada**, manter a nova xornada da persoa traballadora durante un mínimo de **18 meses**.
- Nos **incentivos por adaptación do posto de traballo**, manter o destino dos bens **o mesmo tempo** que teñan que manter o posto de traballo.